



Boa semana a tod@s!!!

Por fín podedes pasear un ratiño!!

Facédeo igual de ben que ata agora... e lembrade as normas que mamá ou papá vos explican : lavar as mans ao saír e ao chegar, ir ao seu lado, manter a distancia se falades con alguén,...

Pero sobre todo lembrade colaborar coa vosa familia nas tarefas do fogar e o máis importante : divertirse, xogar, cantar, rir e facer o paíaso!!!



Un bico enorme!!


①.- Saúdos e presentacións!

Propóñovos un reto... Aprender a sinalar!!

Mirade que videos máis chulos podedes atopar en aulasgalegas.org. Son moi divertidos e podemos repasar signos e aprender outros novos.

Atrevédesvos a comezar polos saúdos e as presentacións?

<https://youtu.be/x5NSyvBe3DY>




Grazas a Tareixa, mestra no CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, e a aulasgalegas.org

2.- Botamos unha carreira?

Hoxe, déixovos un xogo de sopro moi divertido e que podemos facer de diferentes maneiras. Trátase de facer unha pista e soprar unha boliña (pelota de pinpon ou de papel) ata a meta.

Para facer a pista necesitas unha superficie plana e plastilina, bloques, macarróns,... o que se vos ocorra para delimitar os bordes.. Mirade estes exemplos!!



3.- APRENDEMOS O FONEMA /S/

Que vos parece repasar a articulación do fonema /s/?

Propóñovos facelo con dous recursos: primeiro un video de repaso e logo cunhas láminas fonolóxicas para repasar o vocabulario.

Facédeo con calma e ao voso ritmo.. Repasade só algunhas palabras de cada bloque de imaxes.

Xa sabedes que o importante é intentalo e avanzar un pouco cada día.



4.- XOGAMOS ao VEO VEO?

Déixovos este video para xogar ao Veo, veo. Espero que vos gustell!

Grazas a Eugenia Romero polo seu blog e o canal de youtube.

